Grazas, Señor

Grazas Señor por este belo templo no que… se reuniron os nosos devanceiros e hoxe tamén nós, transmitíronnos o don da fe e educáronnos nela, celebramos os momentos grandes da vida, falamos contigo, escoitamos a túa Palabra, recibimos o teu perdón e comemos o teu Corpo e o teu Sangue.

Grazas Señor por este belo templo no que… cantamos e fortalecemos a nosa fe, unímonos a ti e descubrímoste compañeiro de camiño, creamos comuñón e vivimos a nosa misión evanxelizadora, encomendámosche o que nace e deixamos nas túas mans o que despedimos.

Grazas Señor por este belo templo que nos lembra… que somos templos de Deus, santuarios onde El vive, fillos teus cunha dignidade que non tolera o abuso, pedras vivas da túa igrexa, corresponsables nela, e construtores do teu Reino de xustiza, amor e paz. Amén.





Evanxeo
9-novembro-2025

32º ORDINARIO-C
S. XOÁN DE LETRÁN



Coma Xesús contundentes co abuso

Ezequiel 47,1-2. 8-9. 12: ***Vin auga que manaba do templo.***

Sal 45: R/ ***Un río e as súas canles alegran a cidade de Deus, o Altísimo consagra a súa morada.***

Ou ben **Corintios 3, 9b-13. 16-17** ***Sodes templos de Deus***

Irmáns: **Sodes edificio de Deus.** Conforme á graza que Deus me deu, eu, como hábil arquitecto, puxen o alicerce, mentres que outro levanta o edificio. Mire cada cal como constrúe. Pois ninguén pode poñer outro alicerce fóra do xa posto, que é Xesucristo. Non sabedes que sodes templos de Deus e que o Espírito de Deus habita en vós?

Palabra do Señor.

Lectura do santo evanxeo segundo San Xoán 2, 13-22: Falaba do templo do seu corpo.

Narrador: Achegábase a Pascua dos xudeus e Xesús subiu a Xerusalén. E atopou no templo os vendedores de bois, ovellas e pombas, e os cambiadores sentados; e, facendo un azoute de cordeis, botounos a todos do templo, ovellas e bois; e aos cambiadores esparexeulles as moedas e envorcoulles as mesas; e aos que vendían pombas díxolles:

Xesús: *"Quitade isto de aquí: non convertades nun mercado a casa de meu Pai".*

Narrador: Os seus discípulos acordáronse do que está escrito:

Discípulos: -*«O celo da túa casa devórame».*

Narrador: Entón interviñeron os xudeus e preguntáronlle:

Xudeus: -*"Que signos nos mostras para obrar así?"*

Narrador: Xesús contestoulles:

Xesús: "Destruíde este templo, e en tres días levantareino".

Narrador: Os xudeus replicáronlle:

Xudeus: - *"Corenta e seis anos custou construír este templo, e ti valo a levantar en tres días?"*.

Narrador: Pero el falaba do templo do seu corpo. E cando resucitou de entre os mortos, os discípulos acordáronse de que dixera, e creron a Escritura e a Palabra que dixera Xesús.

Palabra do Señor.

(Narrador-Discípulos-Xudeus-Xesús)







Coma Xesús, contundentes co abuso

1.VER: A diocese, a catedral, o bispo

- Hoxe imos falar da nosa parroquia e do templo parroquial, do bispo e da catedral, do que é unha diocese.

Como se chama a vosa parroquia? Como é o voso templo?

2. XULGAR: Coma Xesús, contundentes co abuso

- **Hoxe a Igrexa celebra a festa da dedicación da Basílica de Letrán** de Roma, a primeira catedral da Igrexa. É a sede do bispo de Roma, hoxe do Papa León. No evanxeo deste domingo, Xesús enfádase cos que converteron o templo de Xerusalén nun mercado e dilles: "***quitade iso de aí, non convertades nun mercado a casa do meu Pai".*** Xoán 2,13-25, Fundación Ramón Pané, película: https://youtu.be/wCzuBQHLiug

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Os que vivimos nun barrio/poboo, formamos unha parroquia ou Unidade de Pastoral. O centro da parroquia é o "TEMPLO" parroquial,** unha casa de pedra onde nos reunimos os domingos. O templo non pode ser un mercado, non está feito para vender senón **para rezar, é un "santuario",** un lugar de encontro con Deus. Como di Fano no debuxo, Jesús quere expulsar dos nosos templos, da nosa relixión, todo o que sexa odio, mal, abusos, inxustiza e morte. Coidemos a misa do domingo, o respecto, o silencio, a participación, o encontro con Xesús. Trata de ser santuario onde vive Deus.
- **Cada persoa é templo, algo que respectar,** porque é **"TEMPLO DE DEUS",** fillo ou filla seu. Ollo co abuso, o bullying…
- **Xesús quere que as nosas parroquias sexan "IGREXAS", "comunidades" evanxelizadoras,** onde Xesús é o centro e non falte a calor do amor, a xustiza, a verdade, e o ben. Nesas comunidades evanxelizamos, coñecemos máis a Xesús (catequeses), oramos e celebramos a fe (liturxia), compartimos cos máis necesitados (Cáritas e construción do Reino).
- Hoxe celebramos **a IGREXA DIOCESANA:** as parroquias forman a diocese, co bispo á fronte. Unha chamada para "ser igrexa", "pedras vivas", colaborando, poñendo as nosas calidades (ou "carismas") ao servizo dos outros, camiñando xuntos e na mesma dirección, en sinodalidad e comuñón, sendo "santos". ***Sénteste parroquia, diocese, igrexa? Que fas ti nela?***

Alex Navarro Mullet: Cousas de Dios, Explicación para nenos: https://youtu.be/pDFjtnX_

3. ACTUAR: Ora con humildade e confianza

- Coñece a túa parroquia, o retablo do templo, as persoas que colaboran, as actividades pastorais. Participa o domingo e colabora no canto, lecturas. Descobre o que se fai en Cáritas, cos novos etc.

O alzar das miñas mans, Señor, Palazón, canto: https://youtu.be

Que imos facer?